

# Memoria Anual de Actividades Implicadas no Desenvolvemento

2012

Esta memoria foi elaborada polo equipo de documentación de Implicadas no Desenvolvemento cos materiais achegados por todo o voluntariado.

**Coordina:** Paula Bouzas

**Fotos:** Implicadas no Desenvolvemento

## ÍNDICE DE CONTIDOS

### 1. INTRODUCCIÓN

#### **Implicadas no Desenvolvemento**

- Misión
- Visión
- Principios e criterios

### 2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

#### 2.1. Mellora e activación da base asociativa

#### 2.2. Voluntariado

#### 2.3. Diseminación da visión e misión de Implicadas

- Implícate
- Axenda do Desenvolvemento
- Exposicións
- Cineclub: Mulleres Diversas
- Vanakkam
- Xuntanza de poetas, ilustradoras e deseñadoras gráficas
- Visita de poeta e cineasta Kutti Revathi
- Il Escola Feminista
- Seminarios sobre Grupos de Axuda Mutua
- Participación en congresos e xornadas
- Relatorios e charlas
- Mesas informativas
- Clubs de lectura

#### 2.4. Establecemento de redes con outros axentes

#### 2.5. Diversificación das fontes de financiamento

#### 2.6. Comunicación

#### 2.7. Programas de cooperación

- 2.7.1. Erradicación do infanticidio feminino en Salem
- 2.7.2. Corredor de xénero (Tiruchirapalli-Karaikal)

### 3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

### 4. MEMORIA ECONÓMICA

### 5. CONCLUSIÓN

## 1. INTRODUCCIÓN

### MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, e máis en concreto no colectivo das mulleres, a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e da contribución a unha vida digna para tódalas persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

### VISIÓN

Implicadas entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

### PRINCIPIOS E CRITERIOS

Implicadas é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.

Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.

Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.

Implicadas traballa desde o enfoque de xénero a tódolos niveis, o cal implica unha política activa para acadar a superación da discriminación das mulleres e para que a súa voz se escoite no mundo.

Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual, e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituírmos a metade da poboación, seguimos sendo maioría no colectivo das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.

Implicadas é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo.

Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.

Implicadas fundamenta nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades as súas intervencións no terreo, de xeito que se lles dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.

Implicadas é unha organización de base voluntaria.

Implicadas non contempla o envío de cooperantes ou voluntariado aos proxectos a menos que as organizacións locais así o requiran ou a menos que sexa dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de Implicadas.

Implicadas define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial e os países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas.

Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para evitar unha concentración que pode ser contraproducente (pénsese na tsunami no sueste asiático, durante a

cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de Implicadas ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos que cómpre dar voz a esas comunidades coas que nos unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.

Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións e contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.

Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

## 2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

### 2.1. MELLORA E AMPLIACIÓN DA BASE ASOCIATIVA

Obxectivos planificados para 2012:

- Conseguir una implicación máis activa nas actividades da organización por parte das persoas que son socias e fomentar un espírito crítico e de grupo que favoreza que esta participación sexa de maior calidade.
- A base asociativa aumentará en 25 persoas con respecto a 2011, e a organización poderá chegar cos seus boletíns, comunicación e outras vías de difusión a todas as persoas asociadas.

Neste ano, tal e como se veu facendo durante o ano anterior, as accións para mellorar a base asociativa xa existente consistiron principalmente en accións para mellorar a comunicación coas socias:

- Manter a lista de correo para asociadas: mediante esta lista mándaselles a tódalas socias información sobre as actividades da organización e os informes dos proxectos por correo electrónico unha vez ao mes.
- Boletín mensual: elaborouse durante tódolos meses un boletín onde se recolle toda a información referente a actividades, eventos, campañas... previstas para o mes correspondente.
- Evento anual de xuntanza.

Por outra banda, leváronse a cabo diferentes accións e estratexias para a captación de socias. Unha das principais accións foi a campaña **CAMBIA DE PAPEL**.

#### Campaña **CAMBIA DE PAPEL**

Dentro das actividades desenvoltas durante o ano 2012 Implicadas no Desenvolvemento levou a cabo a campaña **CAMBIA DE PAPEL**. Esta campaña, que continúa en 2013, tiña como obxectivo concreto acadar un mínimo de 50 novas **soci@s**, 25 delas en 2012, e 20 voluntari@s para sustentar o traballo da organización e con iso afianzar un cambio de imaxes e actitudes da cidadanía do Norte con respecto á situación da cidadanía do Sur e, en particular, das mulleres.

A campaña **CAMBIA DE PAPEL** ([www.cambiadepapel.com](http://www.cambiadepapel.com)) nace como resultado de 14 anos de traballo de Implicadas no Desenvolvemento a prol dunhas relacións máis xustas entre os pobos dende un compromiso feminista e crítico. Os sistemas de axuda governamental están neste momento nunha crise de valores sen precedente, subordinados a recortes inxustificables que fan que sexa prioritario por unha banda exercer presión sobre eles e pola outra asegurar a independencia das súas circunstancias. Igualmente, o consumismo como principal modo de vida das sociedades do Norte leva a que haxa pouco interese en cuestionar os modos de vida propios, algo sen o cal é imposible loitar contra a pobreza. Finalmente, no campo crucial da representación, as nosas sociedades seguen promovendo visións das comunidades do Sur que infantilizan, problematizan ou totalizan as experiencias e polo tanto mediatizan a cooperación. Arredor da campaña desenvóléronse diferentes actividades que trataremos noutros apartados desta memoria, dado que tiñan non só fins de captación de socias, mais en total fixéronse **14 novas socias en 2012**.



## II Cea Solidaria.

O día 22 de decembro, Implicadas celebrou a súa cea solidaria, que pretende ser un motivo de encontro entre a base asociativa e o voluntariado. A cea, á que asistiron unicamente 5 persoas, foi celebrada no restaurante *A Rúa* de Santiago de Compostela.

### Avaliación

Se ben o número de socias e socios conseguido non foi o agardado, cómpre recoñecer que as circunstancias socioeconómicas non promoven moito a participación económica en entidades como Implicadas. Por unha banda a situación de paro masivo da cidadanía, o roubo de aforro polas preferentes e a baixada dos ingresos do funcionariado fan que a situación das persoas sexa complicada á hora de poder colaborar economicamente. Igualmente a baixa receptividade e interese por parte dos medios de comunicación no noso traballo, que ten moito que ver coa crecente recentralización do estado español, leva a que a nosa incidencia en prensa fose este ano un chisco máis limitada que cando existían medios propiamente galegos.

Un aspecto positivo neste clima ten que ver coa cifra de baixas, que foi de tan só 4 persoas e polo tanto non variou grandemente con respecto ás cifras de anos anteriores, o cal quere dicir que malia á situación de crise as socias e socios de Implicadas traballan por manter o seu compromiso coa organización.

## 2.2. VOLUNTARIADO

Obxectivos previstos para 2012

-Afianzar o grupo de voluntarias xa existentes e mellorar a cohesión interna e o compromiso responsable das persoas que integran cada grupo.

-Establecer 50 novos contactos con persoas interesadas en entrar a formar parte dun grupo de voluntariado presencial, incrementando en consecuencia a base voluntaria nun mínimo de 10 persoas.

-Crear dous grupos novos, un en zona rural e outro urbana.

O voluntariado é a base do traballo de Implicadas no Desenvolvemento xa que a organización só conta cunha traballadora contratada a tempo parcial. Tódalas actividades que lle son propias á organización dependen do traballo voluntario que se atopa espallado por todo o territorio galego e mesmo fóra de Galicia.

Actualmente o voluntariado de Implicadas conta con catro grupos afianzados de voluntariado presencial nas cidades de:

- Compostela: 7 integrantes
- Vigo: 4 integrantes
- A Coruña: 3 integrantes
- Lugo: 3 integrantes

Os equipos virtuais contan cun total de vinte e tres persoas que realizan o voluntariado de xeito activo:

- Equipo de tradución: 7 persoas.
- Equipo de prensa: 5 persoas relacionadas co mundo da publicidade e do xornalismo.
- Grupo de documentos: 11 persoas que realizan documentación interna e externa da organización.

Ás persoas que forman os grupos virtuais e os equipos presenciais hai que sumarles as persoas da Xunta Directiva que ocupan outros cargos como Presidencia, Vicepresidencia e Coordinación de Voluntariado. A finais de decembro de 2012 Implicadas conta cun total de **corenta e tres** persoas voluntarias.

O traballo do voluntariado de Implicadas é diverso; os grupos presenciais planifican e executan as súas propias actividades que van dende concertos con artistas galegas/os ata mesas informativas nas Universidades pasando por clubs de lectura, montaxe de exposicións, etc.

Durante o ano 2012 o maior incremento de voluntariado tivo lugar no primeiro cuatrimestre do ano.

## AVALIACIÓN

Durante o 2012 houbo **11 altas en voluntariado presencial e 4 altas en voluntariado virtual**. É importante destacar que na maioría dos casos as persoas que solicitan información para formar parte dun grupo presencial pasa a formar parte da organización, sen embargo as persoas que solicitan información para grupos virtuais teñen máis problemas de afianzamento no grupo. Durante o ano 2012 contactouse cunhas 15 persoas das cales 11 pasaron a formar parte do voluntariado de Implicadas e cunhas 14 das que 4 se incluíron en grupos virtuais. O número de baixas suma un total de 8; 5 en grupos presenciais e 3 en equipos virtuais. O balance, pois, foi igual que o obtido en 2011, grazas ao empeño que se puxo nas actividades de rúa para transmitirle á cidadanía a importancia do traballo voluntario e animar a participar na medida das posibilidades de cada quen.

O aumento de grupos de voluntariado de Implicadas non foi posible durante o ano 2012, aínda que os primeiros contactos para establecer grupo en Ourense e Pontevedra se realizaron a finais de 2012, non se chegou ó número suficiente de voluntarias/os para a creación dos grupos.

Hai que destacar que mellorou a calidade do traballo voluntario, pois a meirande parte das persoas que compoñen o voluntariado presencial asiste ás xornadas de formación, alén da aprendizaxe no seo e segundo a dinámica de cada grupo.

Un dato relevante é que a maioría de baixas se corresponden con persoas que nunca chegaron a participar de xeito activo no voluntariado, é dicir, trátase de persoas que na maioría dos casos cubriron a ficha de inscrición e non participaron en ningunha xuntanza ou reunión, polo que na práctica a súa baixa non supuxo unha mudanza na dinámica de traballo.

## FORMACIÓN

Ao longo do 2012 desenvolvéronse dúas sesións de formación para o voluntariado:

- Xuntanza formativa durante os días 24 e 25 de marzo. A esta xuntanza asistiu un total de 19 voluntarias e nela foron tratados os seguintes temas:
  - Introducción ao traballo de voluntariado e aos proxectos de Implicadas.
  - Planificación e avaliación de actividades.
  - Xestión interna da organización.
  - A nova campaña de Implicadas 'Cambia de Papel'.
- Sesión de formación durante a visita de Kutty Revathi (3 de novembro). Contou coa presenza de 14 voluntarias e tivo como tema central o movemento feminista na India.

## Avaliación das formacións

Cumpriuse o obxectivo proposto de desenvolver dúas iniciativas de formación durante 2012. O voluntariado formado é o que participa máis activamente e que permanece máis tempo na organización. A formación, polo tanto, resulta unha ferramenta chave de sensibilización e implicación do voluntariado, xa que fai que se sinta máis seguro e empoderado no desenvolvemento das actividades.



### 2.3. DISEMINACIÓN DA VISIÓN E MISIÓN DE IMPLICADAS

Obxectivos previstos para 2012

- Sensibilizar a sociedade sobre a pobreza, as súas causas e as súas solucións, para cambiar a mentalidade das persoas que vivimos nos países máis ricos.
- Achegar a realidade dos países non desenvolvidos en xeral á sociedade galega.
- Introducir o enfoque feminista na cooperación ao desenvolvemento.
- Dar a coñecer o traballo das feministas do Sur
- Contribuír ao establecemento de redes entre mulleres do Norte e do Sur.

#### **IMPLÍCATE: Noite de música e palabra solidaria**

O Implícate é un acto no que se unen a cultura e a cooperación nunha noite solidaria que Implicadas vén celebrando en Compostela dende 2005. O obxectivo é promover a sensibilización sobre o tema ao que se lle dedica o acto e para iso contamos coa participación, totalmente altruísta, de representantes da música, o teatro, a literatura e a danza galegas.



A cita do 2012 tivo lugar o 8 de xaneiro no Teatro Principal. O evento foi presentado, unha vez máis, por Yolanda Castaño e Luís Tosar e contou coa presenza de *Berrogüetto*, *Mónica de Nut Trío* e o *Coro da Ra* no apartado musical; Isabel Risco e Marta Pazos + *Voadora* no teatral; Eva Veiga, Teresa Moure e Carlos Santiago no literario; Mónica García + *Suelen Estar Quartet* no de danza; e Estevo Creus + *trasPediante* cun espectáculo no que se combinan varias disciplinas escénicas e poesía.

#### Avaliación Implícate

O Implícate chegou a case 400 persoas e conseguiu unha recadación importante (vid. memoria económica), ademais dun significativo impacto mediático.

#### **AXENDA DO DESENVOLVEMENTO 2012**



Como vén sendo habitual, IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO pon á venda a Axenda Solidaria, importante ferramenta a través da que se trata de sensibilizar a sociedade galega na súa implicación na cooperación ao desenvolvemento.

En 2012 IMPLICADAS dedicoulle a súa Axenda a CAMPAÑA 1DE200 e ao proxecto de ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO en Salem (India). O infanticidio é unha práctica pola cal as comunidades matan as

nenas practicamente cando estas acaban de nacer, debido á baixa consideración que teñen as mulleres na sociedade.

A portada da axenda é una ilustración de Iván Sende e forma parte da exposición Os NOSOS OLLOS AS TUAS MANS, na se reflicte a visión da cooperación a través dos ollos do noso voluntariado e as mans das ilustradoras e ilustradores galegos.

### **Avaliación AXENDA DO DESENVOLVEMENTO**

A finais de 2011 imprimíronse 500 exemplares da axenda, que foron repartidas entre as cidades de Lugo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, nun total de 68 puntos de venda en toda Galicia (12 en Santiago, 26 na Coruña, 4 en Vigo, 6 en Lugo, 3 en Pontevedra e 10 noutros puntos diversos da xeografía galega). No local de IMPLICADAS en Vigo foron 5 as axendas vendidas, mentres que outras 4 se venderon nas distintas actividades levadas a cabo nos últimos meses. O grupo de Vigo, pola súa banda, puxo á venda 50 axendas, das que se conseguiron vender 26 cun ingreso de 260 €. O grupo da Coruña puxo á venda 122 axendas, das que se venderon 69, recadando así 690 €. O grupo de Lugo, pola súa banda, puxo á venda 40 axendas, das que se venderon 23, polo que se recadaron 230 €. En Santiago de Compostela vendéronse 73 das 78 axendas distribuídas, cuns ingresos de 730 €.

Un ano máis conséntase que a axenda precisa da introdución de certas melloras. Por unha banda, a axenda ten que estar rematada moito antes do que se rematou este ano, dado que comezou a chegar a primeiros de decembro aos grupos e houbo un, o de Santiago, que non as recibiu ata primeiros de xaneiro, cuestión que tamén debe ser mellorada. Cómpre tamén levar un mellor control de albará centralizando o traballo da elaboración da axenda nunha única persoa que se encargue non só de facer coordinación do equipo de traballo que a elabora senón tamén un seguimento das vendas para evitar logo o caos existente no momento de facer recuento de exemplares vendidos e en stock.

### **I CARREIRA SOLIDARIA: CORRE CON IMPLICADAS**

Outra actividade significativa foi a **I Carreira Solidaria** organizada o sábado **26 de maio de 2012** en **Santiago de Compostela**, coa colaboración da Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Santiago, da Universidade de Santiago e do Concello de Santiago de Compostela.

Para esta actividade tívose que contar con bastante voluntariado de Implicadas e outra xente que quixo colaborar para que o evento se levase a cabo correctamente e sen incidencias. En total foron máis de 15 persoas as que desenvolveron esta labor. A parte do voluntariado que se precisaba contamos con entidades, empresas e entidades colaboradoras que foron as seguintes:

Augas de Mondariz (240 augas), Atalaia Social (custe medallas: 120 euros), Media Lúa (4 trofeos), Ultramarinos Mirás (froitas; mazás e laranxas), Fundación Deportiva USC (difusión e tramitación dos permisos coa USC Servizo de Deportes), Concello de Santiago (corte de rúas e permiso de realización da actividade), Federación Galega de Atletismo (xuíces, secretaría técnica na competición, carpa, canon: posta en calendario na páxina web da Federación, difusión/publicidade da carreira, seguro de responsabilidade civil), Fundación AVÁN (persoal sanitario + ambulancia), USC (utilización vestiarios/duchas do Estadio de atletismo; custe: 3.540 euros), Atmósfera Sport Coruña (arco saída/meta), Masaxe ayurvédica: Piero Piga: bono masaxe, La Caixa (seguro de accidentes deportivos).

Esta actividade tivo uns gastos de aproximadamente 400 euros en concepto de: envío por paquetería das augas de Mondariz, dorsais que facilitou a Federación Galega de Atletismo,

bolsas, impresión carteis, gasto de limpeza do Estadio Atletismo e envío de medallas por correo postal. Os ingresos foron de aproximadamente 470 euros en total pola recadación que se fixo na mesa de información e venda, de doazóns e a cota de inscricións das persoas participantes.

A participación total foi de 66 persoas quedando dividida da seguinte forma segundo as categorías que se estableceron no regulamento da carreira:

#### PARTICIPANTES POR CATEGORÍAS:

- Pitufas/os: 5
- Prebenxamín Masculino/Feminino: 8
- Benxamín M/F: 1
- Alevín M/F: 4
- Infantil M/F: 3
- Cadete M/F: 3
- Xuvenil M/F: 3
- Junior M/F: 1
- Promesa M/F: 2
- Senior M/F: 10
- Veteráns M/F: 26

Os premios outorgados foron: 21 medallas de ouro, 12 medallas de prata, 5 medallas de bronce, 1 trofeo á empresa participante máis numerosa: URBASER (participou tan só unha persoa), 1 trofeo ao colexio participante: Escola Infantil Municipal de Brión (participou unha nena), 2 trofeos aos clubs participantes e máis numerosos: Atletismo A Estrada, Noitebra F.C. Non houbo trofeo ao instituto máis participativo por iso se lle dou un dos trofeos ao 2º club máis numero e participativo da carreira que foi o Noitebra F.C. Ademais disto, fixéronse, facendo coincidir co número de dorsal da persoa participante, 5 sorteos de lotes de Implicadas e un bono masaxe colaboración de Masaxe Ayurvédica (Piero Piga).

E en canto á repercusión que tivo este evento deportivo na prensa foi o seguinte: REPERCURSIÓN NOS MEDIOS: entrevista no programa 53 (13/05/2012) de TVG2 "Citius, Altius, Fortius" (<http://www.atletismogalego.org/citius/>), entrevista no programa de radio Obradoiro (<http://www.radioobradoiro.com/portada/ro/queremos-cidadania-galega-pase-da-pasividade-accion/idEdicion-2012-05-24/idNoticia-747733/>), entrevista no programa Convivir en Igualdade o 17 de maio da Radio Galega (<http://www.crtvg.es/rg/a-carta/convivir-en-igualdade-convivir-en-igualdade-do-dia-17-05-2012-326601>), entrevista no programa Magazine da COPE, nota de prensa en Sermos Galiza (<http://www.sermosgaliza.com/artigo/social/carreira-en-compostela-a-prol-dunha-implicacion-real-na-loita-contra-a-pobreza/20120522125348001506.html>), Galicia Confidencial (<http://www.galiciainconfidencial.com/nova/10460.html>, <http://www.galiciainconfidencial.com/nova/10570.html>).

Páxinas web: [www.correrengalicia.com](http://www.correrengalicia.com), [www.carreraspopulares.com](http://www.carreraspopulares.com), [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), [www.colefgalicia.com](http://www.colefgalicia.com), <http://botons.eu/2012/05/24/cambia-de-papel/>, <http://noitebrafc.blogspot.com.es/>, <http://dotgalicia.com/Dot-Magazine-i-carreira-solidaria-en-santiago-2232.php?pagina=1&tag=0&at=0&ab=0&user=&id=2232&fecha=2012-05-25&plb=>, <http://www.mapagenda.com/#!/home>,

[http://galiciasaudable.xunta.es/index.php?option=com\\_eventlist&view=day&id=20120526&Itemid=49&lang=gl&limitstart=5](http://galiciasaudable.xunta.es/index.php?option=com_eventlist&view=day&id=20120526&Itemid=49&lang=gl&limitstart=5).

## CAMBIA DE PAPEL CON EMPRESAS

### Proxecto CAMBIA DE PAPEL: EMPRESAS E COOPERACIÓN

O proxecto CAMBIA DE PAPEL: EMPRESAS E COOPERACIÓN financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, foi iniciado en maio de 2011 e finalizou no mes de novembro de 2012. O proxecto de educación para o desenvolvemento tivo como obxectivo Implicar ao tecido empresarial galego na defensa de valores como a xustiza e a igualdade, fomentando o coñecemento da realidade dos países do Sur e as causas da pobreza dende un enfoque de xénero, contribuíndo deste xeito as esforzos internacionais a prol da creación dunha alianza mundial contra a pobreza. Así, estableceuse por vez primeira, dun xeito tan decidido, o contacto co tecido empresarial galego, co obxectivo de promover un *cambio de papel* nun grupo previamente identificado de empresas e traballadoras/es. Incidiuse, por unha banda, nas informacións ás direccións, persoal e asociad@s das entidades empresariais sobre as claves da cooperación ao desenvolvemento e, pola outra, na procura dunha implicación activa das empresas e do seu persoal na loita contra a pobreza. O proxecto tentou tamén transformar a percepción destas empresas con respecto á cooperación ao desenvolvemento e á importancia do seu papel neste eido, como catalizadoras de mensaxes á súa clientela ou como axentes chave que apoiem co seu comportamento ético a loita contra a pobreza no seu lugar de traballo.

Así, conseguimos que o persoal, asociadas e clientela de empresas galegas coñezan os problemas de desenvolvemento e dean pasos para a erradicación da pobreza, a través de iniciativas concretas, dende o enfoque de xénero encadradas no marco de traballo de IMPLICADAS.

Os resultados deste proxecto son palpables:

- Conseguiuse **estreitar lazos** con seis agrupacións de empresas: Rede Galega de Empresas, EGANET, EQA (Empresas que Ayudan), Casas Rurales Solidarias, Asociación de mulleres empresarias de Ourense e Federación Hispano-lusa de Empresarias.
- Foron asinados convenios cos seguintes **colectivos de empresas**: EGANET (que aglutina a máis de 20 empresas), Rede Galega de Empresas (pertencentes a 41 sectores ou ámbitos), Casas Rurales Solidarias e EQA (con 13 empresas asociadas). As tres primeiras centrarán a súa colaboración nos labores de difusión, asesoramento e xestión conxunta de proxectos, mentres que a última centrarase na prestación de servizos. Así mesmo, a Asociación de Empresarias de Ourense e a Federación Hispano-lusa de Empresarias comprometéronse a facer difusión das actividades e formas de colaboración con IMPLICADAS entre as súas empresas e clientes.
- Ao longo destes meses IMPLICADAS asinou un **convenio de colaboración** coa empresa de transportes Redyser, que presta servizo a IMPLICADAS cunha redución no prezo. Outras empresas como Filmanova, Kachet e Desoños prestaron servizos de produción, son e deseño (respectivamente) de xeito gratuíto.
- Ademais, outras empresas demostraron estar dispostas a colaborar con servizos (All Together Design, Copy A3), doazóns materiais (Ataxentas, Luces de Bohemia, Equilibrio, Clínica Dental Margarita Bechis Díaz, Piero Piga, Ecogaia, As Camposeiras, Froitería Pascua, A Casa das Cestas, Ferventía, V/M, Katzae, A Casa da Terra, Zafiro Tours, Galería Sargadelos, Pepe Enmarcacións, Planeta Basura, Mundo Creativo, Ahlam, Lila de Lilith, Pascua, Sacabocaos Artesanía, Marybeliña, Lola Tourón, Damkina Complementos e

Papelería Imprenta Chuzos) ou a través da difusión e cesión de espazos (Libraría Andel, Libraría Couceiro, Librouro, Libraría Cartabón, Libraría Libros para Soñar, Xestoría Otero e Canoura, Perruquería Souto, Bar O Tobo, Perruquería Simón R. Puga, Mogador Artesanía, Bar Plaff e Bar Auto Defé).

## EXPOSICIÓNS

Durante o ano 2012 rotaron por toda Galicia cinco exposicións: *O son das buquinas*, *Maquila Boutique*, *Os teus ollos, as túas mans*, *Auga para Etiopía* e *10x10*.

**O son das buquinas.** A exposición está formada por un total de 36 fotografías e catro paneis informativos, coas que se pretendeu divulgar o traballo que realiza Implicadas no Desenvolvemento, así como sensibilizar e concienciar a comunidade sobre a problemática existente no sur. Celebrouse durante o ano 2012 nos seguintes lugares:

- A Coruña (Casa Museo Casares Quiroga), entre o 10/12/2011 e o 16/01/2012.
- Lugo (Casa da Xuventude), entre o 13/04/2012 e o 2/05/2012.
- Ourense (Casa da Xuventude), entre o 16/07/2012 e o 31/07/2012.
- O Barco de Valdeorras (Colexio Divina Pastora), entre o 10/10/2012 e o 31/10/2012.

**Auga para Etiopía.** Con esta exposición denúnciase a desigualdade na xestión da auga nos países do Sur, onde a súa carencia non é unha cuestión de falta de recursos, senón de distribución e uso. Países tan secos como Arabia Saudí (100mm/ano) non experimentan problemas de auga mentres que outros moito máis vizosos, coma Etiopía (500 mm/ano), viven nunha situación de carencia permanente. A falta de investimento en infraestruturas fai que a auga non chegue á poboación. Durante o ano 2012, a exposición foi presentada en diversas cidades galegas, como A Coruña, Compostela e Vigo.



En Vigo puido verse a exposición no Punto Xove entre o 06 e o 24 de febreiro. A media de visitantes foi de 20 persoas ao día. O día 16, ademais, foi proxectado o documental *A semente: Etiopía*, aínda que a afluencia de público foi menor do que se agardaba e non puido realizarse o coloquio final.

Na Coruña tivo lugar no Fórum Metropolitano (entre o 19 e o 31 de marzo) e na Casa Museo María Pita (entre o 09 de maio e o 17 de xullo). Lametablemente non se puido realizar o acto de inauguración por falta de público, mais difundíuse a exposición na propia entrada do Museo mediante o reparto de folletos sobre a CAMPAÑA 1X200.



Por último, en Compostela tivo lugar entre o 18 de abril e o 3 de maio no IES de Cacheiras.

**Maquila Boutique.** Trátase dunha exposición de artistas plásticas na que se denuncia a explotación na industria téxtil e na que se propoñen alternativas a esta explotación. Consiste na presentación, coma nunha tenda de roupa, de diferentes pezas baseadas nos produtos de compañías con informes de explotación nos países do Sur. Xunto coas pezas expóñense paneis informativos que falan da explotación, propoñen alternativas e incluso estudos de caso. Tivo lugar na *Casa das Mulleres* (Vigo) entre o 2 e o 30 de marzo e foi visitada por unhas vinte persoas.

**Os teus ollos, as túas mans.** Nesta exposición, que conta con dúas partes (I e II), preséntase o traballo de diferentes ilustradoras e ilustradores que, a través das súas obras e despois da súa

convivencia co voluntariado de Implicadas, reflicten a visión que este lles transmitiu do seu traballo na organización. A primeira parte puido verse durante o 2012 nos lugares seguintes:

- A Coruña (Casa Museo Casares Quiroga) do 9 de decembro de 2011 ao 15 de xaneiro de 2012.
- A Coruña (Casa Museo María Pita) do 3 ao 28 de abril.
- Sarria (Bar Xarope) do 3 de maio ao 1 de xuño.
- Vigo (Bar Plaff) do 11 ao 30 de xuño.
- Cerdedo (Centro Cultural do Concello) do 1 ao 31 de xullo.



A segunda parte foi exposta nos seguintes lugares:

- Lugo (Mesón do Forno) do 1 ao 31 de marzo.
- A Coruña (Casa Museo María Pita) do 3 ao 28 de abril.
- Compostela (Modus Vivendi) do 7 ao 31 de maio.
- Vigo (Bar Plaff) do 11 ao 30 de xuño.
- Cerdedo (Centro Cultural do Concello) do 1 ao 31 de xullo.
- Vigo (Restaurante Cúrcuma) do 21 de setembro ao 22 de outubro.

**10x10.** A exposición *10x10* foi deseñada para conmemorar os máis de dez anos de traballo de Implicadas. Consta de 10 estruturas, a modo de cubos, autosostibles, cunha lona a cada lado na que se inclúen textos, fotografías e ilustracións explicativas da filosofía, traballo e obxectivos desta organización. A exposición tivo lugar durante o 2012 en Poio (CIM) do 30 de novembro ao 10 de xaneiro. O día 30 de novembro tivo lugar unha presentación á que asistiron un total de 10 persoas, entre as que se atopaban as concelleiras da localidade. En total, a exposición foi visitada por 150 persoas aproximadamente.

### **Avaliación exposicións**

Durante este ano, a organización de exposicións foi unha das actividades de sensibilización máis satisfactorias de Implicadas. Esta actividade permítenos amosar dunha maneira sinxela as desigualdades que afectan a sociedade e o traballo de apoio e sensibilización que Implicadas leva a cabo tanto no Sur coma aquí en Galicia. Durante o ano 2012 a montaxe das nosas exposicións incrementouse nun 133% con respecto ao pasado ano e un 250% con respecto ao 2010. Por outra banda, ademais de estar presentes nas principais cidades das provincias galegas, as exposicións chegaron tamén a vilas máis pequenas, estendendo así a súa difusión xeográfica.

### **CICLO DE CINE: MULLERES DIVERSAS**

En colaboración co *Cineclub Lumiere*, organizáronse diferentes proxeccións cinematográficas integradas no ciclo de cine MULLERES DIVERSAS. O ciclo tivo lugar todos os luns do mes de novembro no Auditorio Municipal de Vigo e con el quixemos contribuír á conmemoración do 25 de novembro, Día pola Erradicación da Violencia Exercida contra as Mulleres. O obxectivo deste ciclo de cine, ao que asistiron unha media de 40 persoas, foi o de sensibilizar a poboación viguesa sobre as desigualdades de xénero. Os títulos escollidos foron:

- *Slovenca*, de Damjan Kozole (5 de novembro). Eslovenia/ Alemaña/ Serbia/ Croacia/ Bosnia-Herzegovina 2009; 90'
- *Mía*, de Javier van de Couter (12 de novembro). Arxentina 2011; 105'
- *Unha vida nova*, de Ounie Lecomte (19 de novembro). Corea do Sur/ Francia 2009; 92'
- FILME SORPRESA (26 de novembro)

En cada sesión IMPLICADAS mantivo un *stand* informativo e de venda de materiais. O día 26, Implicadas ofreceu un *catering* de comercio xusto para dar información sobre a organización e os proxectos.

## VANAKKAM

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO presentou un ano máis o ciclo formativo Vanakkam!, palabra procedente da lingua támara que significa 'benvidas'. Os obxectivos deste ciclo, que neste ano acadou a súa sexa edición, son tanto a formación no eido da Cooperación Internacional coma a difusión de Implicadas non só en Galicia senón tamén nos países do sur. O ciclo Vanakkam consta de dúas partes: unha presencial e outra "sobre o terreo", posto que as persoas que o desexen teñen a posibilidade de viaxar á India o coñecer *in situ* o traballo de IMPLICADAS. Na presencial participaron **oito** persoas.

O programa deste ano foi o seguinte:

### **21 de ABRIL- 1º SESIÓN: A cooperación ao desenvolvemento**

- Historia e evolución.
- Axuda oficial e non oficial ao desenvolvemento.
- A situación actual da axuda.

### **5 de MAIO- 2º SESIÓN: O enfoque de xénero**

- 2.1 Sexo/Xénero.
- 2.2 Cooperación con enfoque de xénero.
- 2.3 Feminización da pobreza e da esperanza.

### **de XUÑO - 3º SESIÓN: Implicadas no Desenvolvemento**

- 3.1 Bases ideolóxicas.
- 3.2 Metodoloxía de traballo.
  - 3.2.1 Contrapartes.
  - 3.2.2 Microcrédito- grupos de aforro.
- 3.3 O traballo en Galicia.

### **9 de XUÑO - 4º SESIÓN: Os proxectos na India**

- 4.1 Contextualización.
- 4.2 Zonas de traballo.
- 4.3 Fase de planificación.
- 4.4 A comunidade do proxecto.
- 4.5 Actuacións.

### **7 de XULLO- 5º SESIÓN: Preparación da viaxe ( para as persoas que decidan viaxar)**

Na edición de 2012 viaxaron **sete** persoas. Podemos constatar a través das enquisas que o nivel de satisfacción foi moi alto, tanto no que respecta á formación coma á experiencia da visita en si. Nas valoracións destacou principalmente a boa organización (salvando un problema de

coordinación durante a chegada, que foi considerado anecdótico) e a boa acollida por parte de PDI.

Programa da viaxe: **VANAKAM 2012**

DATA	MAÑÁ	TARDE
05.08	Vanakkam-Chegada a Chennai	
06.08	Chegada a Tiruchy e descanso	
07.08	Presentación Proxecto (Empoderamento de Mulleres en Tiruchy)	Visita grupos de aforro
08.08	Xuntanza con grupos de aforro	Visita aos suburbios. Contacto coas pequenas empresarias
09.08	Xuntanza con voluntariado de xénero	Visita aos suburbios. Conversa co voluntariado de xénero in situ
10.08	Xuntanza con beneficiarias do Centro de atención ás mulleres	Visita ao templo Rock Fort e compras
11.08	Visita á escola para crianzas traballadoras	Visita aos suburbios para ver as clases de apoio
12.08	Visita a Thanjavur - Domingo	
13.08	Xuntanza na oficina de Salem (Erradicación do infanticidio feminino)	Viaxe a Ercaud
14.08	Visita a Ercaud (estación de montaña)	Regreso a Tiruchy
15.08	Xuntanza con membros de Consellos de suburbio	Sáida de Tiruchy para Karaikal
16.08	Xuntanza coa Federación (Corredor de desenvolvemento) Visita a aldeas	Sáida cara a Pondicherry. Noite en Pondicherry
17.08	Viaxe de Pondy a Mahabalipuram	Chegada ao aeroporto de Chennai pola noite

### Avaliación Vanakkam

Un ano máis o Vanakkam tivo un importante impacto nas actividades da organización, tanto na axuda da difusión do traballo como no establecemento de vínculos con persoas novas. Dúas participantes na viaxe asistiron como participantes activas na formación para grupos de axuda mutua celebrada en novembro e o resto de persoas participantes continúan en contacto coa organización.



## OBRADOIRO DE ESCRITA E ILUSTRACIÓN

O sábado 27 de outubro organizouse na EGAP unha xuntanza con poetas e ilustradoras e deseñadoras gráficas galegas co fin de facer un libro de poesía e imaxes que será autoeditado por Implicadas en formato impreso ao longo de 2013. Un total de oito persoas asistiron a este obradoiro literario e de ilustración, que en vista dos resultados da avaliación realizada, amosáronse moi satisfeitas coa actividade e moi dispostas a colaborar na creación do libro. Ademais, outras cinco poetas e ilustradoras que non puideron asistir ao obradoiro manifestaron o seu interese en colaborar co libro, que terá por temática a igualdade de xénero e a visibilización dos logros do movemento feminista.

Xoana Álvarez foi a encargada de impartir a parte de ilustración, mentres que María Reimóndez impartiu o obradoiro literario. Inicialmente a actividade estaba planificada para que a parte do obradoiro literario fose impartido por Kutti Revathi, escritora, activista e feminista, mais, por motivos alleos ao control do propio proxecto, Kutti non puido chegar a Galicia ata pasada a data de dita xuntanza.

### Avaliación obradoiro

Aínda que a participación non chegou ás cotas máximas posibles, o impacto desta actividade agardamos que chegue a moitas outras persoas grazas ao libro que producirá Implicadas.

## VISITA DA POETA E CINEASTA TÁMIL KUTTI REVATHI

Este ano, no mes de outubro, contamos coa presenza da poeta e cineasta támil Kutti Revathi. Durante a súa visita celebráronse as seguintes actividades:

### - Xuntanza con asociacións de mulleres empresarias

Durante a visita de Kutti Revathi e como parte do proxecto de internacionalización posto en marcha pola Rede Galega de Empresas en colaboración con Implicadas, celebrouse unha reunión coa **Asociación de Mulleres Empresarias de Ourense** e coa **Federación hispano-lusa de Mulleres Empresarias**. O encontro tivo lugar o 6 de novembro e centrouse na posta en común do traballo e dos esforzos que se realizan para saír da crise por parte das empresarias tanto en Tamil Nadu como en Galicia. A esta reunión asistiron unhas 10 persoas integrantes de cadansúa asociación de empresarias.



Aínda que estaba prevista a participación neste encontro da Dra Manimekalai, que finalmente non puido viaxar a Galicia por cuestións persoais, foi a poeta e cineasta Kutti Revathi, tamén coñecedora do contexto económico e social de Tamil Nadu, quen achegou as súas impresións ao grupo. Produciuse unha forte empatía e fica aberta para o 2013 a posibilidade de establecemento de alianzas entre a Asociación de Mulleres Empresarias de Ourense ou da Federación hispano-lusa de empresarias coa Women

Entrepreneurs Association of Tamil Nadu (WEAT).

A coordinadora do proxecto anunciara a actividade a un total de 7 asociacións de mulleres empresarias de Galicia, entre as que se atopan, ademais das participantes: Asociación de Empresarias de Pontevedra, Asociación de Empresarias de Lugo, Asociación de Empresarias da

Coruña, Asociación de Empresarias de Ferrolterra, Federación de Empresarias de Galicia e Asociación de Executivas de Galicia.

### - Xuntanza coa *Marcha Mundial das Mulleres*

O encontro coa Marcha Mundial das Mulleres, na que Implicadas está integrada dende 2012, tiña como obxectivo principal a organización dun acto común para a conmemoración do Día das Mulleres no 2013. No encontro, celebrado o 6 de novembro, comentáronse ademais os avances na igualdade de xénero tanto en Galicia como en Tamil Nadu nas últimas décadas. As representantes da Marcha Mundial tiveron ocasión de preguntarlle a Kutti Revathi polos seus intereses a respecto da situación das mulleres na India e os movementos feministas no país.



### Avaliación da visita de Kutti Revathi

Sen dúbida foi esta unha actividade fundamental durante o 2012 dado que nos axudou a establecer fortes vínculos con colectivos novos, como a Asociación de mulleres empresarias de Ourense e igualmente a afianzar os xa existentes coa Marcha Mundial. Foi importante tamén o impacto en medios, dado que Revathi foi entrevistada para diversas publicacións tales como Sermos Galicia ou Qué Leer. Os vínculos establecidos continuaron no resto do ano na planificación de actividades para 2013, en particular en Ourense, onde Implicadas aínda non conta con base de traballo establecida.

### **II ESCOLA FEMINISTA: “Crises e crises”**

Este ano 2012 Implicadas celebrou a II Escola Feminista, titulada “Crises e crises” e centrada no tratamento da crise dende o punto de vista tanto económico coma social e cultural. En concreto, estableceuse unha relación entre a crise que padece Occidente e a situación de pobreza ás que son sometidas as comunidades do Sur, e en particular as mulleres. O encontro tivo lugar entre o 29 e o 31 de outubro e asistiron 11 persoas e contou coa presenza de María Reimóndez (fundadora de Implicadas e experta en enfoque de xénero na planificación e avaliación de proxectos de colaboración de diversa índole), Kutti Revathi (poeta e directora de cine támara implicada coa participación política das mulleres na mudanza social) e Irene López (especialista en políticas de xénero e desenvolvemento e autora de numerosas monografías e artigos especializados sobre o tema). O programa foi o seguinte:



29 de outubro

- Inauguración da II Escola Feminista.
- Conferencia a cargo da María Reimóndez: *“Os grupos de axuda mutua como visión alternativa, social e política da superación de crises”*
- Sesión de traballo.

30 de outubro

- Conferencia a cargo de Irene López: *“O recorte da AOD e o impacto sobre as mulleres do Sur”*

- Sesión de traballo.

31 de outubro

- Conferencia a cargo de Kutti Revathi: “A literatura e o cinema como fontes de reprodución e subversión das explotacións das mulleres”
- Sesión de traballo

### **Avaliación escola feminista**

Como no ano anterior a escola feminista tivo un problema importante na asistencia e consideramos que cómpre realizar a xuntanza nunha xornada de sábado para poder aglutinar persoas que sexan de fóra de Vigo e mesmo da propia cidade. Por outra banda e como aspecto positivo, a sesión foi gravada en vídeo para poder difundirse a posteriori. Igualmente as persoas asistentes avaliaron de forma moi positiva os contidos e pensamos que é unha boa estratexia vincular a escola feminista, no espírito que a promove, a temas de actualidade sobre os que dar unha visión feminista transnacional.

### **SEMINARIOS SOBRE GRUPOS DE AXUDA MUTUA**

Estaba planificado que a Dra. Manimekalai impartise un seminario sobre as iniciativas de crédito sustentable en Támara Nadu, en particular sobre os grupos de axuda mutua, metodoloxía que ten sido recoñecida en diversos foros como un xeito sustentable de promover o desenvolvemento económico mantendo a independencia con respecto aos bancos. Finalmente, ante a indispoñibilidade da Dra. Manimekalai de viaxar a Galicia, foi María Reimóndez, Presidenta de Implicadas e experta consultora na materia, a encargada de impartir dous seminarios en Santiago de Compostela sobre *Grupos de Axuda Mutua*.

O primeiro deles tivo lugar 5 de novembro na EGAP, e asistiron 3 traballadoras de servizos sociais de diferentes concellos galegos. O segundo seminario foi impartido no marco do programa Vagalume (de Cáritas) o 27 de novembro e a el asistiu un total de 15 mulleres prostituídas. O obxectivo foi o de dar a coñecer este tipo de grupos de axuda mutua, a súa metodoloxía e a súa utilidade. Nos seminarios púxose de manifesto o papel das mulleres dos grupos de axuda mutua como promotoras do desenvolvemento económico, social e de xénero e propuxeron leccións aplicables ao contexto de actual crise en Galicia.

### **Avaliación seminario sobre grupos de axuda mutua**

Esta actividade permitiu a Implicadas entrar en contacto con mulleres que pertencen a colectivos marxinados dentro da nosa sociedade e coas organizacións que traballan ao seu carón. Resultou, iso si, complicado mobilizar a estas organizacións para poder realizar o seminario, cousa que sen dúbida atrasará o desenvolvemento posterior da posta en marcha do grupo.

### **PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E XORNADAS**

#### **- Participación nas VII XORNADAS ANUAIS DE COOPERACIÓN DO FONDO GALEGO**

O Fondo Galego desenvolveu o 30 de novembro as “VII Xornadas de Cooperación: 15 anos comprometéndonos coa solidariedade” na que persoal experto de Galicia, Cataluña e Portugal analizaron a cooperación municipalista no mundo e a situación do sistema galego de cooperación diante da crise.

María Reimóndez Meilán, presidenta de Implicadas, participou nestas xornada nunha mesa redonda titulada “O sistema galego de cooperación na encrucillada da crise”, na que compartiu

espazo con Carlos Teijo e Xosé Luís Quintela. A esta sesión asistiron unhas cincuenta persoas e houbo un importante nivel de participación.

## RELATORIOS E CHARLAS

### - **Charla no IES de Ponteceso**

Co gallo da celebración dunha semana cultural, o IES de Ponteceso convidou a Implicadas a ofrecer unha charla para achegarlle ao alumnado o labor e obxectivos da organización. O encontro tivo lugar o 13 de abril e contou coa presenza de 50 persoas aproximadamente. O grupo asistente agasallou as voluntarias cunha camiseta do instituto como recordo e comunicou o ingreso de 100 euros en concepto de axuda. Ademais varias alumnas propuxeron colaborar con Implicadas na campaña *Cambia de papel*.

### - **Charla de presentación no centro “SerHacer” (Vigo)**

O 24 de xullo ás 20:30 tivo lugar no centro “SerHacer” (Vigo) unha charla a cargo de Implicadas no Desenvolvemento sobre o traballo da organización e a nova campaña en marcha ‘Cambia de Papel’. Á charla asistiron unhas 15 persoas e tivo unha hora de duración.

### - **Obradoiro no colexio “Divino Maestro” (Compostela)**

O 7 de decembro tivo lugar un obradoiro sobre as actividades de Implicadas no colexio compostelán “Divino Maestro”. O obradoiro estivo formado por un grupo de 25 alumn@s de 2º de ESO e dúas das súas mestras. Para acadar os obxectivos, a titora do curso traballou previamente co alumnado materiais da páxina web de Implicadas e a voluntaria encargada do obradoiro preparou unha presentación axeitada ao grupo meta. O nivel de satisfacción por parte do grupo foi moi elevado e o alumnado fará un traballo individual sobre o obradoiro e os proxectos de Implicadas.



### - **Charlas IES Pontareas Implicadas no Desenvolvemento**

O día 16 de novembro tivo lugar un ciclo de dúas charlas no IES de Pontareas. O obxectivo das charlas, que trataron sobre os estereotipos de xénero e as relacións, foi sensibilizar o alumnado ante a violencia de xénero e motivar unha reflexión sobre os mitos do amor romántico e as relacións prexudiciais. As charlas foron participativas e dinámicas; o alumnado expuxo as súas opinións e narrou experiencias propias. A orientadora escolar, que participou nunha das charlas, manifestou o seu desexo de repetir as actividades para afondar na perspectiva de xénero.

### - **Charla IES Melide**

O día 9 de maio tivo lugar unha charla no IES de Melide. “Cooperación ao desenvolvemento na India. Implicadas da man de Usha”. A charla foi impartida a dous grupos de 1º da ESO o que suma un total de 80 crianzas. O obxectivo destas charlas foi sensibilizar ó alumnado sobre as desigualdades Norte-Sur e de xénero, desmontar estereotipos sobre a India e coñecer da man de Usha (protogonista do libro “Usha” de María Reimóndez co que traballaron en clases) a India en xeral e os proxectos de Implicadas en particular dun xeito orixinal e divertido. As crianzas participaron de xeito activo e a mestra que coordinou a actividade espera poder repetila o vindeiro curso.

### - **Charla CPR Nosa Sra dos Remedios - Compostela**

O día 15 de maio tivo lugar unha charla no CPR Nosa Sra. Dos Remedios. A charla "Cooperación ao desenvolvemento na India. Implicadas da man de Usha" asistiu o alumnado de 1º da ESO, un total de 50 crianzas. Esta charla foi solicitada por unha das mestras do centro; aproveitando que o alumnado traballara co libro "Usha" de María Reimóndez, este foi usado como fio condutor da charla. O obxectivo foi sensibilizar ó alumnado sobre as desigualdades Norte-Sur e de xénero, centrándose na India e nos proxectos de Implicadas, tales como o Proxecto para a Erradicación do infanticidio feminino en Salem (India). A participación do alumnado foi moi alta, a mestra xa traballara con elas vendo a páxina web de Implicadas o que provocou que tiveran dúbidas, preguntas e moito interese.

### Avaliación relatorios e charlas

Un ano máis Implicadas mantivo bos contactos con centros educativos e doutros sectores para poder seguir afianzando a difusión da nosa mensaxe. Cómpre destacar que todas estas actividades foron impulsadas e solicitadas polas outras entidades, o cal quere dicir que mellora e aumenta a percepción social da organización.

### **MESAS INFORMATIVAS**

Os obxectivos das mesas informativas son:

- Dar a coñecer Implicadas no Desenvolvemento ofrecendo información sobre os seus obxectivos e sobre as súas campañas.
- Fomentar o voluntariado e o número de socios/as.
- Recadar mediante a venda de produtos de comercio xusto e *merchandising*.
- Coñecer e establecer relacións con outras asociacións da cidade.

En **Pontevedra** organizouse unha mesa informativa o 14 de xaneiro, durante a celebración do festival "Cantos na Maré" no Pazo da Cultura. O evento foi visitado por 772 persoas e recadáronse 135 euros. Ademais houbo reparto de folletos e novas inscricións para recibir información de Implicadas.

Na comunidade da **Coruña**, durante o ano 2012, foron colocadas mesas informativas nos seguintes eventos:

- **Mercanatura** – Mercado ecolóxico e artesanal (28 de xaneiro, 25 de febreiro, 28 de xullo e 27 de outubro). Aínda que en xullo e outubro a asistencia foi baixa, puideron recadarse en total máis de 218 euros en vendas, ademais de 90 euros en rifas. Ademais rexistráronse nove persoas interesadas en recibir en información.
- **Seráns no TAC** en Compostela (25 de novembro). Recadáronse 56 euros, repartíronse 73 folletos e chegouse a un número moi importante de persoas (arredor de 100). A dirección do TAC ofreceuse a seguir colaborando con Implicadas.
- **III Feira de Sustentabilidade** (Facultade de Económicas de Elviña, 12 de decembro). A mesa informativa foi colocada no posto de Marybeliña, artesanía ilustrada. A recadación foi de 14 euros. Ademais dúas persoas manifestaron o seu interese por participar como voluntarias en Implicadas e 17 incribíronse para recibir información. Foron repartidos, en total, 30 folletos da campaña *Cambia de papel*.
- **Culturalgal. Feira de industrias culturais** (Pazo da Cultura, Pontevedra). O sábado día 1 de decembro, Implicadas contou cun *stand*, xentileza de Eganet, para ofrecer información e



vendas. Ademais, ás 20:15 tivo lugar a presentación da campaña CAMBIA DE PAPEL por parte de varias voluntarias.

### Avaliación mesas informativas

A presenza de Implicadas en meses informativas mantívose estable neste ano. Aínda que é unha actividade moitas veces sacrificada para o voluntariado, as mesas son unha moi boa plataforma de contacto coa cidadanía e de forma tanxencial un xeito relevante de poder acumular ingresos para o traballo da organización.

### **CLUBS DE LECTURA**

Co obxectivo de dar a coñecer as culturas do Sur e de implicar o sector cultural galego nunha cooperación feita dende Galicia, Implicadas elaborou unha proposta que combina o **compromiso coa cultura e a solidariedade galega** baixo as actividades dos **CLUBS DE LECTURA**.

Os primeiro club de lectura foi posto en marcha pola nosa organización no ano 2007 na cidade de Lugo e, dada a boa acollida desta actividade, pronto foi creado outro club de lectura en Compostela. Na actualidade, Implicadas traballa na mellora do funcionamento dos mesmos, para así poder chegar a un maior número de participantes. Nos nosos clubs de lectura os grupos de voluntariado escollen obras, normalmente catro, que combinen o literario con algunha temática ou valores que coincidan coa nosa visión e misión. A información difúndese para que toda persoa que queira poida participar nos clubs. Contáctase tamén cunha persoa que poida presentar o libro, a autora ou outras persoas relacionadas coa temática, e tamén co lugar onde se realizará a xuntanza, que consiste nunha presentación de Implicadas e un debate ao redor do libro.

No 2012 desenvolvéronse diferentes clubs de lectura nas cidades de Compostela e Vigo.

#### **Club de lectura de Compostela**



- *Morgana en Esmelle*, de Begonha Caamaño (29 de febreiro, no local da Asociación de Artistas *A Travesa*). Asistiron un total de 11 persoas, que tiveron a oportunidade de discutir sobre a obra e sobre feminismo coa propia autora.

#### **Club de lectura de Vigo**

- *Despois da medianoite*, da escritora feminista india Salma (25 de xaneiro). Contou coa participación de María Reimóndez.

- No marco dos CAFÉS LITERARIOS, organizados conxuntamente co Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo (Biblioteca Pública Central, rúa Joaquín Yañez), comentouse a obra *A semellanza*, de María Xosé Queizán (27 de xuño). O evento contou coa presenza de Elisabet Pérez Costas, Vicepresidenta da Asociación *Nós Mesmas*.



### Avaliación clubs de lectura

Durante este ano participaron unhas **30 persoas**, todas elas mulleres, nos clubs de lectura. Consideramos que é unha actividade que nos axuda a tratar máis polo miúdo as temáticas de sensibilización e que nos axuda a chegar a públicos que poden interesarse no noso labor.

**Avaliación global da diseminación da nosa visión e misión:**

Grazas ao traballo incansable do voluntariado e a colaboración de innumerables organizacións, colectivos, pequenas empresas e institucións, durante 2012 Implicadas puido levar a súa mensaxe de forma directa a un mínimo de **2.850 persoas**.

## 2.4. ESTABLECEMENTO DE REDES CON OUTROS AXENTES SOCIAIS

Obxectivos planificados en 2012

-Buscar de sinerxías con outros movementos sociais coa finalidade de contar con maior incidencia política e social, xerar aprendizaxe e experiencias, non duplicar esforzos...

-Establecer redes, sobre todo con movementos feministas e culturais, para poder difundir o traballo e a imaxe de Implicadas a través das súas webs, redes sociais ou bases asociativas, chegando así a diferentes grupos sociais, ou para propor a organización conxunta de actividades.

-Continuar o traballo levado a cabo no 2011 en relación ao contacto con empresas, afianzando os acordos coa Rede Galega de Empresas, EGANET, Casas Rulares Solidarias e Desoños, e promovendo novas colaboracións.

- No 2012 IMPLICADAS entra a formar parte da Marcha Mundial das Mulleres.
- Por primeira vez asínanse convenios de colaboración con agrupacións de empresas, o que abre unha nova vía de financiamento, fortalecemento e diseminación da misión e visión de IMPLICADAS. As agrupacións son as seguintes:
  - EGANET (que aglutina a máis de 20 empresas)
  - Rede Galega de Empresas (pertencentes a 41 sectores ou ámbitos)
  - *Casas Rurales Solidarias*
  - EQA (con 13 empresas asociadas)
- Así mesmo, abriuse unha nova canle de comunicación e colaboración coa Asociación de Empresarias de Ourense e a Federación Hispano-lusa de Empresarias, comprometidas a emprender actividades con IMPLICADAS durante o 2013.
- Ao longo destes meses IMPLICADAS asinou ademais un convenio de colaboración coa empresa de transportes Redyser, que presta servizo a IMPLICADAS cunha redución no prezo. Outras empresas, como Filmanova, Kachet e Desoños, prestaron servizos de produción, son e deseño, respectivamente, de xeito gratuíto.
- Ademais, outras empresas demostraron estar dispostas a colaborar con **algún tipo de servizo** (All Together Design e Copy A3), con **doazóns materiais** (Ataxentas, Luces de Bohemia, Equilibrio, Clínica Dental Margarita Bechis Díaz, Piero Piga, Ecogaia, As Camposeiras, Froitería Pascua, A Casa das Cestas, Ferventía, V/M, Katzae, A Casa da Terra, Zafiro Tours, Galería Sargadelos, Pepe Enmarcacións, Planeta Basura, Mundo Creativo, Ahlam, Lila de Lilit, Pascua, Sacabocaos Artesanía, Marybeliña, Lola Tourón, Damkina Complementos e Papelería Imprenta Chuzos) ou mediante a **difusión e cesión de espazos** (Librería Andel, Librería Couceiro, Librouro, Librería Cartabón, Librería Libros para Soñar, Xestoría Otero e Canoura, Perruquería Souto, Bar O Tobo, Perruquería Simón R. Puga, Mogador Artesanía, Bar Plaff e Bar Auto Defé).

### Avaliación establecemento de redes



Sen dúbida este ano o crecemento do traballo con pequenos establecementos e con redes de empresas que cumpren os criterios éticos previstos por Implicadas foi sumamente frutífero. Os contactos establecidos a nivel dos grupos locais teñen boa interacción e unha relación viva, pero a nivel da organización detectouse a necesidade de identificar unha voluntaria que puidese encargarse desta área en concreto porque esixe unha constancia para obter bos beneficios. Tamén cómpre sinalar a mala experiencia derivada da colaboración coa Rede Galega de Empresas, que animou a Implicadas a traer a dúas compañeiras de Támara Nadu (tres inicialmente) co compromiso de facerse cargo das súas viaxes e estadia unha semana nun programa de internacionalización e que finalmente e sen ningún tipo de explicación satisfactoria, a unha semana do comezo da actividade, denegou a súa colaboración. A falta de seriedade desta organización fixo que se adoptase a decisión antes de final de ano de rematar calquera colaboración coa Rede.

## 2.5. DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

Obxectivos planificados para 2012

-Chegar a un 50% de fondos propios entro do orzamento total da organización, como mínimo.

-Buscar polo menos dúas novas fontes de financiamento: a venda de rifas para o sorteo dunha cesta formada por produtos ecolóxicos e de comercio xusto doados por varias empresas, e a venda das pezas que compoñen a exposición *Os meus ollos, as túas mans*, formada por ilustracións.

Por segundo ano consecutivo IMPLICADAS levou a cabo unha campaña de *crowdfunding* de cara ao IMPLÍCATE. A campaña foi lanzada unhas semanas antes co obxectivo de recadar fondos para axudar a sufragar os gastos de difusión e son do festival.

Outra forma de financiamento para a organización é a venda de diferentes materiais. De feito, no ano 2012 IMPLICADAS bateu o récord de recadación na venda de materiais. Durante este ano, ademais da AXENDA DO DESENVOLVEMENTO, IMPLICADAS elaborou cadernos en dous tamaños distintos co logo da campaña CAMBIA DE PAPEL e coa ilustración *Besbellos* de Iván Sende. Así mesmo, por vez primeira, foron serigrafadas con estes mesmos motivos camisetas de manga longa en diferentes cores e xerseis de deporte con carapucha en catro cores diferentes.

Cabe destacar a colaboración de diferentes empresas e artesás das provincias da Coruña e Lugo que colaboraron para a elaboración da I Cesta Solidaria a través de doazóns de produtos. Os produtos doados e as empresas colaboradoras foron as seguintes:

- **Tenda Ecolóxica Ataxentas:** Unha crema de uva para o cabelo, unha crema hidratante de uva e tres pastillas de xabón ecolóxicas (unha desmaquillante, unha crema de algas anticelulítica e unha de macela).
- **Luces de Bohemia:** Unha cestiña de madeira con produtos de baño (unha esponxa, un masaxeador de madeira con roliños, un cepillo de serdas naturais, unha pedra pómez e un guante de crina).
- **Tenda ecolóxica Equilibrio:** Un roliño masaxeador.
- **Clínica Dental Margarita Bechis Díaz:** Unha revisión e unha limpeza bucal.
- **Piero Piga:** Dúas masaxes aiurvédicas.
- **Ernesto Gay "Teto":** Unha sesión de relaxación con cuncas tibetanas.
- **Ecogaia. Productos Ecolóxicos:** Unha botella de aceite, un litro de leite de soia e un litro de leite de avela.



**As Camposeiras:** Dous tarros de marmelada.

- **Froitería Pascua:** Unha caixa de galletas.
- **A Casa das Cestas:** Un almuerzo para dúas persoas.
- **Ferventía:** Actividade de multiaventura.
- **V/M. Artesanía Cerámica:** Dúas clases de cerámica.
- **Taller de Arte Katzae. Taller de arte variopinto:** Dúas clases de arteterapia.
- **Tenda Ecolóxica Equilibrio:** Un maxaseador de madeira e un incensario.
- **A Casa da Terra:** Hospedaxe dunha noite.
- **Fernando Aldao. Xogador galego de pádel profesional:** Unha clase de pádel para un máximo de 4 persoas.
- **Jacomina Kistemaker. Terapeuta de son:** 6 cd's *Entre Corrientes* e unha entrada a un concerto de Jacomina mais unha cea.
- **Viaxes Zafiro Tours:** Unha noite en habitación dobre na casa rural *A Casa das Cestas* en Pobra de Trives (Ourense).
- **Galería Sargadelos:** Figuriña dunha muller.
- **Pepe Enmarcacións:** Un marco.
- **Jorge L. Miranda. Artista gráfico:** Unha obra gráfica.
- **Roi Casal:** Un disco asinado polo cantante.
- **Planeta Basura. Estudio creativo:** Un colgante ilustrado.
- **Abalorios Mundo Creativo:** Un colar de contas e unha pulseira.
- **Bisutería Ahlam:** Un anel e pendentes a xogo.
- **Tenda Ecolóxica Equilibrio:** Un libro e unha ra musical.
- **Libraría de Mulleres Lila de Lilith:** Un libro: *Velliñas*.
- **Froitería Pascua:** Uns pendentes artesanais.
- **Ferretería Pascua:** Un prato de artesanía de Buño.
- **Lola Villasol:** Un marcapáxinas e unha tarxetiña.
- **Sacabocaos artesanía:** Unha diadema de coiro.

- **Marybeliña artesanía ilustrada:** Un xoiro de viaxe de tela, un broche e dous prendedores.
- **Lola Tourón. Cesteira:** Unha cesta artesanal.
- **Implicadas No Desenvolvemento:** Unha AXENDA DO DESENVOLVEMENTO 2012 e un bolígrafo.
- **Damkina Complementos:** Un anel, dous prendedores, unha pulseira e unha boneca.
- Alén de todas estas colaboracións, tamén contamos co agasallo que nos fixo a **Papelería Imprenta Chuzos SL, Carlin** ao facernos as rifas de forma gratuíta.

## AVALIACIÓN

IMPLICADAS fixo un avance moi importante neste 2012 coa recadación obtida da venda de materiais. Este feito permite dar un paso en firme cara á autonomía económica da organización. A este respecto, o traballo do voluntariado resulta fundamental, xa que é o encargado de levar os materiais ás diferentes actividades e promover a súa venda.

O resultado deste traballo vese claramente no feito de que **do total de ingresos de 96.645,63 €, o 69% (66.601,76) son fondos propios**. Ademais, durante este ano fomos capaces de poñer en marcha dúas vías novas de recadación grazas ás cestas solidarias, que ademais contribúen á colaboración das empresas, e a venda das ilustracións da exposición *Os meus ollos as túas mans*.

Por outra banda, aínda que o contexto económico e social fai que as empresas sexan reticentes a facer colaboracións económicas, si se amosan dispostas a colaborar en actividades de recadación como a Cesta Solidaria. Este feito é moi importante se temos en conta que ademais do valor do produto doado e da recadación que se consegue coa venda das rifas, vese reforzado o labor de diseminación da misión e visión de IMPLICADAS, así coma o establecemento de redes co tecido empresarial galego.

## 2.6. COMUNICACIÓN

Obxectivos planificados para 2012

- Reforzar a presenza de Implicadas nos medios de comunicación
- Ampliar en dous os compromisos de colaboración regular con medios
- Manter o dossier de prensa
- Manter o boletín e a comunicación mensual coas socias
- Inserción de información en vías alternativas aos medios convencionais
- Reforzar a presenza en Internet

A internet seguiu a ser unha ferramenta indispensable para difundir as accións de IMPLICADAS ao longo do 2012. Nas redes sociais, como *facebook* (con 2.055 siareir@s) ou *Twitter* (con aproximadamente 694), así como na web [www.implicadas.com](http://www.implicadas.com), IMPLICADAS consolida a súa presenza e aumenta o seu número de seguidoras e seguidores. Durante este ano, ademais, Implicadas adquiriu un servidor propio para que a información e presenza na rede non se vise comprometida por alteracións na vontade de colaborar de persoas que se ofreceron a ceder estes espazos virtuais.

Ademais, para a campaña **CAMBIA DE PAPEL** creouse unha nova páxina web ([cambiadepapel.com](http://cambiadepapel.com)). Esta páxina tivo unha excelente acollida e seguirá activa durante o 2013. O labor divulgador que IMPLICADAS realizou durante o 2012 tamén se reflectiu na publicación, en diversos medios de comunicación, das actividades organizadas (como o lanzamento da campaña **CAMBIA DE PAPEL** en Cosmopostela e, sobre todo, a última edición do **IMPLÍCATE**).

Así mesmo tivo presenza nos medios (*La Voz de Galicia*, *Sermos Galiza* ou *Qué leer*) a visita de Kutthy Revathy a Galicia.

Este ano, debido á inestabilidade que houbo na coordinación do grupo de prensa, non se elaborou como se viña desenvolvendo en anos anteriores o dossier de prensa. É importante corrixir este problema pois é importante ver que receptividade hai por parte dos medios a cubrir as actividades e o traballo que realiza Implicadas.

### **I Certame de Artigos Xornalísticos **CAMBIA DE PAPEL****

**Esta convocatoria tivo a finalidade de** promover unha actitude crítica con respecto ao que ocorre no Norte para que repercuta no Sur. O obxectivo principal do certame foi o de promover a capacidade crítica, de análise, sobre a cooperación ao desenvolvemento. O tema do certame foi o necesario cambio de papel da sociedade do Norte para erradicar a pobreza e a desigualdade nos países do Sur dende unha perspectiva de xénero. Tivéronse en conta dúas categorías:

- A categoría de artigos inéditos, cun premio consistente en 500 euros e a publicación do artigo nos xornais dixitais *Sermos Galiza*, *Praza Pública*, *Dioivo* e *Galicia Confidencial*.
- A categoría de artigos publicados, cun premio de 300 euros.

O xurado do **I Certame de Artigos Xornalísticos **CAMBIA DE PAPEL**** reuniuse o luns, 28 de maio, para decidir os artigos gañadores deste concurso, ao que se presentaron 9 traballos, e decidiu concederlle os premios a:

- **Marcos Abalde**, na categoría de artigos inéditos, polo traballo titulado "**Sumak Kawsay, unha utopía para o S.XXI**".

- **Valeria Pereiras**, na categoría de artigos publicados, polo traballo titulado “**Reconstruíndo a Sherezade**”, publicado orixinariamente no blog [agaresoseminario.blogspot.com.es](http://agaresoseminario.blogspot.com.es).


O xurado do **I Certame de Artigos Xornalísticos CAMBIA DE PAPEL** estivo composto por Ana Belén Puñal Rama, xornalista e investigadora en comunicación e xénero; Carme Vidal, directora de *Sermos Galiza*; Xosé Manuel Pereiro, decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, e Lucía López Bayo, xornalista e ex xefa de Opinión de *Xornal de Galicia*.

## AVALIACIÓN

Ao longo de 2012 practicamente a totalidade das actividades organizadas por IMPLICADAS tiveron impacto nos medios. Ao redor do 60% das insercións en prensa escrita viñeron acompañadas por imaxes, con predominio das fotografías en cor, das actividades realizadas por IMPLICADAS.

En canto á páxina web [www.implicadas.com](http://www.implicadas.com), foron rexistradas no 2012 **5.691** visitas en total. Na seguinte gráfica podemos observar a evolución destas visitas, das cales un 75% foi derivado ben de *facebook* ou ben de *Google*. A través do *facebook* recibimos o 40% das visitas.

3.788 usuarios han visitado este sitio.



## 2.7. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

### 2.7.1. ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM

O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida por Implicadas no Desenvolvemento e a organización támil *People's Development Initiatives* (PDI) en colaboración con numerosos actores locais dende 2007 para tentar poñerlle fin ao infanticidio. Esta práctica consiste na admisión dentro da comunidade do asasinato das nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres e supón unha das formas máis extremas de violencia contra as mulleres.

O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram) e incide en aspectos paliativos como o seguimento de mulleres embarazadas. O seu obxectivo último é porén contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisíbel calquera forma de violencia contra as mulleres. O programa deu xa importantes resultados, como demostrou o censo de 2011. Por primeira vez en décadas o censo de 2011 amosou un aumento dos nacementos de nenas en Salem, o que significa que se avanza cara a un maior equilibrio do ratio de sexos. O número de nacementos pasou de 851 nenas nadas por cada 1000 varóns no censo de 2001 a 917 no de 2011. Nos últimos 3 anos, ademais, non houbo ningunha nova na prensa sobre infanticidios cometidos nalgún dos 4 bloques nos que traballan Implicadas e PDI. O persoal calcula que dende que empezou o proxecto puideron evitarse un mínimo de 50 casos de infanticidio.

O programa traballa dende un enfoque paliativo e sobre todo, o máis importante, dende un enfoque que busca cambiar as percepcións de xénero da comunidade. Estas son as actividades realizadas durante 2012 para conseguir estes obxectivos. 2012

#### Cambio de percepcións con respecto ao xénero

- O programa incidiu, por outra banda, na mudanza de mentalidade con respecto ao xénero a través tanto de teatro de rúa coma de campañas de información mediante cartaces e pegatinas que se puxeron en hospitais, clínicas e outros centros públicos. As representacións de teatro de rúa realízanse dúas veces por semana.
- O teatro de rúa é unha ferramenta fundamental do proxecto para o cambio de mentalidade. Realizáronse 75 representacións que chegaron a 13970 persoas.
- 140 grupos de axuda mutua recibiron formación específica sobre xénero.

#### Empoderamento das mulleres e das mozas

- O proxecto creou ademais 88 SHG que reúnen a 1061 integrantes e que contan cun aforro total de 34.100. Os grupos de axuda mutua consisten na agrupación voluntaria de entre 15 e 20 mulleres que de forma mensual se reúnen para aforrar e rotar o fondo común entre elas en forma de créditos. Supoñen, ademais, un foro común dende o cal as mulleres poden intervir en cuestións sociais de diversa índole. Na formación destes grupos tense moi en conta que polo menos a metade das súas integrantes sexan nais de nenas. 9 integrantes ademais recibiron capacitación laboral durante 2012.
- Neste ano tamén se organizaron 6 xuntanzas sobre dereitos das mulleres ás que asistiron 150 mulleres.

- A planificación familiar funciona para o equipo do proxecto como un indicador último do cambio de mentalidade nas familias. O goberno promove a planificación familiar especialmente en familias que teñan dúas fillas e deposita un importante incentivo económico nunha conta bancaria a nome das nenas que só pode utilizarse para a súa educación. Mesmo con este incentivo, nas zonas de infanticidio é sumamente complexo conseguir que as mulleres e as familias accedan á planificación familiar polo desexo de ter un varón. O proxecto conseguiu que máis de 800 familias se sometesen a planificación familiar tras ter dúas ou tres fillas, 188 no último ano.
- O proxecto creou 140 clubs de xénero entre a mocidade, que agrupan a 2.100 mozas e mozos. O feito de crear grupos mixtos foi xa en si mesmo unha revolución para as comunidades; as familias eran inicialmente reticentes a enviar as súas fillas a un entorno no que houberse tamén mozos. Os clubs axudan a normalizar unha convivencia máis igualitaria entre homes e mulleres, tanto polo seu contido coma pola súa forma.
- PDI foi quen de canalizar recursos para as mulleres, como, por exemplo, os DVDs de UNICEF sobre atención postnatal que se lles prestaron para seren vistos nalgún lugar común ou as 200 plantas que se distribuíron de forma gratuíta o día do ambiente entre as mulleres do programa grazas á mediación de PDI co goberno local.

#### Medidas paliativas

- O programa fixo o seguimento de 4747 mulleres embarazadas e organizou sesións de comunicación interpersonal sobre xénero (38421 sesións); nutrición (43245 sesións); vacinación (41299); e saúde e hixiene (40764). Os casos nos que se detectaba perigo de infanticidio recibiron servizos de mediación (17058 sesións).
- O Centro de atención ás mulleres ofrece asesoramento legal e durante este ano atendeu 39 casos e mantivo 9 do ano anterior en seguimento.

O traballo conseguiu que durante 2012 nacesen 1383 nenas nestes catro distritos.

## **2.7.2. EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY**

### **Introdución**

O programa EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY é unha iniciativa promovida por Implicadas e a ONG támil **People's Development Initiatives** (PDI), que inclúe cinco aldeas e cinco suburbios do distrito de Tiruchirapalli (unhas 8000 persoas), que comezou en 2009 e que ten como obxectivo conseguir o empoderamento das mulleres e un desenvolvemento con enfoque de xénero a todos os niveis entre as comunidades empobrecidas.

### **Actividades**

#### **Empoderamento de mulleres**

##### *Formación de grupos de axuda mutua e aforro*

Esta valiosa ferramenta facilita que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día, pero tamén cumpre unha función fundamental en canto ao seu empoderamento, Xa que son unha fonte de apoio mutuo e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política. Durante este ano créronse 13 grupos novos, 5 en zona urbana e 8 en zona rural, que inclúen 183 novas integrantes. En total o programa leva creados 49 grupos que reúnen a 697 mulleres e que teñen un aforro total de 30.400 euros.



Ademais, o programa facilitou que os grupos puidesen acceder a crédito bancario e foi así que 10 grupos recibiron apoio de institucións financeiras por un total de 20.000 euros. O proxecto tamén mobilizou 26,962 € para actividades de xeración de ingresos do Indian Bank da cidade de Tiruchirapalli.

Por outra banda, 198 mulleres recibiron formación sobre a xestión efectiva dos grupos

#### *Alfabetización de mulleres adultas*

O programa tenta superar o analfabetismo imperante sobre todo entre as mulleres cun programa específico axustado ás súas necesidades a través do cal as traballadoras de base van identificando e visitando regularmente ás mulleres analfabetas. As clases impártense de forma diaria na casa das interesadas durante as horas que teñen libre durante o día e tentando reunir a varias beneficiarias nunha mesma casa para aumentar a eficiencia. Durante este ano foron 46 mulleres as que asistiron ás clases e 28 presentáronse ao exame organizado polo proxecto.

#### *Empoderamento a través da atención á saúde reprodutiva*

O proxecto presta atención especial á saúde das mulleres e fai seguimento das mulleres embarazadas, 136 neste ano, para asegurar a vacinación e seguimento médico axeitado. Igualmente, 78 mozas asistiron a campañas sobre saúde menstrual para coñecer o ciclo reprodutivo e superar os prexuízos que existen ao redor da menstruación, ademais de comprender as prácticas hixiénicas necesarias para evitar infeccións derivadas do uso de trapos durante a menstruación.

#### *8 de marzo e 25 de novembro*

850 mulleres do programa participaron este ano na manifestación do 8 de marzo para celebrar o día internacional das mulleres. 125 mulleres participaron nos actos de conmemoración do 25 de novembro, que se centraron en presentar o marco legal contra a violencia de xénero.

#### *Centro de Atención ás Mulleres*

O Centro ofrece apoio a mulleres que son vítimas de distintas formas de violencia e fai tamén un traballo preventivo mediante os chamados “Campos de información legal” nos que as mulleres do programa e a comunidade en xeral pode coñecer de mans de xuristas os dereitos que teñen e como facer exercicio deles perante o sistema legal. Este ano organizáronse dous campos aos que asistiron 122 mulleres. Durante este ano 52 mulleres recibiron apoio por parte do centro. Cinco delas foron identificadas durante os campos de información legal. Dez casos foron derivados ás comisarías de policía de mulleres. Ademais, 14 casos continúan en seguimento dos iniciados en 2011.

### Igualdade de xénero

#### *Sensibilización de xénero*

Organizáronse once xuntanzas de sensibilización de xénero e 172 mulleres recibiron sensibilización.

#### *Voluntariado de xénero*

Identificáronse 41 voluntarias e 4 voluntarios de xénero para traballar aspectos de igualdade de xénero na súa comunidade. O voluntariado foi formado para poder realizar as súas funcións e foi vinculado ao Centro de Atención ás mulleres para que poida derivar casos e recibir formación e coordinación.

### Desenvolvemento comunitario

## Educación

### *Clases de apoio*

Para compensar a falta de apoio familiar na educación (debido ao analfabetismo dos proxenitores ou outras circunstancias) e para axudar ás crianzas a mellorar na educación, especialmente ás nenas, o proxecto puxo en marcha clases de apoio en todos os suburbios e aldeas incluídas neste. Cada día á tardiña as nenas e nenos reúnen coa traballadora de base para repasar temas, facer os deberes ou aprender novos contidos. Durante este ano asistiron 240 nenas e 179 nenos a estas clases.

### *Dereitos da infancia*

Utilizáronse vídeos de UNICEF para difundir información sobre dereitos da infancia a 143 crianzas.

### *Centro de informática*

O proxecto conta cun centro de informática para proporcionar formación sobre todo a mozas de xeito que poidan acceder a un mellor emprego.

### *Xuntanzas entre familias e profesorado*

Para mellorar a implicación das familias na educación das crianzas e con especial énfase na asistencia dos pais como medida correctora de xénero, o programa organiza xuntanzas regulares co profesorado para debater e orientar ás familias sobre a importancia da educación e o traballo das súas fillas e fillos. Na actualidade, o número de nais que asisten a estas xuntanzas triplica ao de pais, unha proporción que aínda cómpre mellorar dende o punto de vista do reparto equitativo das tarefas pero que polo menos constitúe un avance importante na implicación dos homes en cuestións do coidado infantil. Durante este ano organizáronse 116 xuntanzas ás que asistiron 1674 mulleres e 127 homes.

## Sanidade

### *Campos médicos*

Organizáronse dous campos médicos nos que a poboación pode recibir asistencia médica de tipo xeral (diagnose e tratamento de enfermidades leves). Beneficiáronse 264 mulleres, 81 homes, 44 nenos e 33 nenas.

### *Sensibilización sanitaria*

Organizáronse tres campañas de sensibilización sobre saúde mental ás que asistiron 71 mulleres e 6 homes. Tamén se fixo unha campaña de erradicación do alcolismo á que asistiron 50 persoas.

### *Voluntariado sanitario*

O voluntariado sanitario traballa na súa comunidade para promover a saúde e para vincular os servizos sanitarios coa poboación, ademais de para organizar actividades sanitarias de forma regular. Durante este ano formáronse 24 voluntarias e 19 recibiron ademais formación específica en tratamento e xestión da tuberculose.

## Organización e participación comunitaria

### *Consellos de suburbio/aldea*

Os consellos recibiron formación sobre participación comunitaria e sustentabilidade do programa. Os consellos de suburbio/aldea son entidades onde hai integrantes electas dos grupos de axuda mutua, do voluntariado e das clases de apoio. Son a ferramenta fundamental para a sustentabilidade do programa.

### Actividades do Consello Comunitario


O Consello comunitario é unha entidade constituída legalmente a raíz do programa Desenvolvemento Urbano en Tiruchy na que está previsto integrar os consellos de suburbio deste programa. Durante este ano o Consello, que coordina todas as actividades nos suburbios daquel programa de forma totalmente independente comezou a colaborar xa cos suburbios do programa de empoderamento de mulleres ofreceu préstamo a 26 mulleres por un importe de 1.800 euros.

### 2.7.2. MÓDULO PARA A PARTICIPACIÓN POLÍTICA DE MULLERES EN TIRUCHY – A SÚA VOZ

O módulo para a emancipación social e a participación política das mulleres complementa o traballo realizado por Implicadas no Desenvolvemento e a súa organización compañeira PDI nos suburbios da cidade de Tiruchirapalli. Este programa organízase tamén co Consello comunitario que a comunidade formou ao remate do programa de Desenvolvemento Urbano Comunitario que se desenvolveu entre os anos 2003 e 2007 en dez suburbios da cidade. Estes dous programas incidiron e inciden no empoderamento das mulleres, facendo fincapé na necesidade de abordar o tema da discriminación de xénero como primeiro paso de cara ao desenvolvemento. Este programa foi dende o inicio de forma exclusiva por Implicadas/os no Desenvolvemento a través de recursos propios. En 2012 Implicadas presentou o proxecto **'Módulo para a emancipación social e a participación política das mulleres, dentro do Programa para o empoderamento das mulleres'** ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, que foi seleccionado e que comezou a funcionar en decembro dese mesmo ano. Neste informe presentamos o avance das actividades entre o inicio e marzo de 2013.

O distrito de Tiruchirapally, coa súa capital Tiruchy, a cuarta cidade máis grande do estado, onde se desenvolve o proxecto

- Ariyalur
- Chennai
- Coimbatore
- Cuddalore
- Dharmapuri
- Dindigul
- Erode
- Kanchipuram
- Kanyakumari
- Karur
- Krishnagiri
- Madurai
- Nagapattinam
- Namakkal
- Nilgiris
- Perambalur
- Pudukkottai
- Ramanathapuram
- Salem
- Sivagangai
- Thanjavur



- Theni
- Thoothukudi
- **Thiruchirapalli**
- Thirunelveli
- Thirupur
- Thiruvallur
- Thiruvannamalai
- Thiruvarur
- Vellore
- Viluppuram
- Virudhunagar

Aínda que os dereitos igualitarios das mulleres aparecen garantidos na Constitución India, a lei 74 de modificación da Constitución (CAA polas súas siglas en inglés), de 1992, foi aprobada para incluír ás castas máis baixas e tribos e ás mulleres nos órganos de goberno local descentralizado. En Tâmil Nadu (estado no que se sitúa Tiruchy) promulgouse tamén de forma específica a lei de Panchayat en 1994 para a xestión da administración local. Esta lei deu efecto a varias recomendacións nas que se inclúe unha cota do 33 por cento dos cargos electos para as mulleres en todas as institución dos órganos locais. Non obstante, na práctica, a participación política das mulleres é moi limitada e desigual. A pesares da reserva de cargos nos órganos locais, con demasiada frecuencia as mulleres son utilizadas polos integrantes masculinos das familias sen que poidan desenvolver máis papel que o de transmitir e poñer en práctica os intereses destes. Isto manifesta que malia a importancia dunha lei de cotas, cómpre traballar previamente cos papeis sociais de xénero para conseguir a participación das mulleres no espazo público fundamental da política, tanto dentro como fóra dos partidos. A entrada das mulleres na vida social e política é un requisito fundamental para activar sociedades igualitarias pero que pola contra non pode realizarse a menos que se comece cun cambio nos comportamentos de xénero existentes para que as mulleres poidan dispoñer de tempo, estruturas e espazos de participación.

O módulo ten polo tanto como obxectivo contribuír ao aumento da participación social e política das mulleres no distrito de Tiruchirapalli e aplícase nos seguintes suburbios:

Nº	Nome do suburbio	Poboación
1	Panjukidangu	800
2	C.Block	1200
3	Koradanthoppu	1482
4	Padhuvai Nagar	2000
5	Kattur	1700
6	Mahalakshmipuram	480
7	Ramamurthy Nagar	750
8	Anna Nagar	600
9	Kajapettai	1200
10	Keela Krishnan Koil Street	800
11	Jailpettai	433
12	V.M.Pettai	458
13	Chinna Samy Nagar	513
14	Sathya Nagar	519
15	E.Pudur	482
<b>TOTAL</b>		<b>13.417</b>

O módulo incide no traballo xa comezado grazas á metodoloxía dos grupos de axuda mutua nos que se agrupan unhas 1.500 mulleres nos 15 suburbios que buscan tanto a solidariedade entre as mulleres como o empoderamento económico e social. Outras actividades complementarias incidirán na desestructuración dos roles de xénero para motivar ás mulleres á participación en política e así contribuír a facerse escoitar e a ter en consideración o punto de vista das mulleres para o desenvolvemento de calquera iniciativa e política pública. Así, as actividades terán por unha banda como obxectivo as propias mulleres pero tamén á sociedade en xeral dado que o cambio debe producirse a todos os niveis.

## **AVALIACIÓN**

O mais salientable na área de proxectos é que estamos logrando os obxectivos propostos e maximizando as nosas capacidades para conseguir financiamento de xeito autónomo.

### 3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

Xa no ano 2008 IMPLICADAS elaborou un Plan de Xestión baseado no traballo en equipo e no reparto de tarefas para mellorar a xestión e a organización interna da organización. Este plan, dende entón, distribúese a todo o voluntariado de IMPLICADAS e a todas as persoas que solicitaron o ingreso como voluntarias na organización. Ademais todas as persoas que estean interesadas poderán acceder a el a través do arquivo da nosa páxina web, [www.implicadas.com](http://www.implicadas.com).

Neste *Manual de Acollida de Voluntariado* recóllense as tarefas que pode desenvolver o voluntariado de IMPLICADAS en función do seu eido de actuación, así como orientacións prácticas para o desenvolvemento das mesmas.

Como centro de referencia para todo o voluntariado, persoas socias e/ou colaboradoras, IMPLICADAS conta cun local na cidade de Vigo (Avda. das Camelias 49, escaleira), que funciona como sede da Secretaría Técnica. Este centro concíbese así mesmo como centro de documentación e exposicións. E neste ano 2012 a secretaria técnica foi abandonada durante os meses de verán pola persoa que ocupaba este posto e polo tanto foi preciso convocar un proceso de selección de persoal. Dende setembro a decembro estiveron dúas persoas traballando para IMPLICADAS a tempo parcial, mais a partir de decembro IMPLICADAS volve a contar cunha única secretaria técnica contratada a tempo parcial.

En 2012 tamén houbo unha rotación de cargos na Xunta Directiva de IMPLICADAS que foi aprobada no seu día, concretamente o 21 de abril de 2012 pola Asemblea Xeral de Soci@s. Concretamente Dolores Lamas, tesoureira de Implicadas até este momento deixa o seu cargo e asúmeo Mariano Reimóndez. O cargo de secretaria desempeñado por Andrea Manuela García asúmeo Manuela Vázquez, as vogais Sonia Fernández e Blanca Rodríguez deixan de pertencer á Xunta Directiva e forman parte desta as seguintes vogais: Lucía López, Naiara González e Iria López. Tamén algúns dos grupos locais de voluntariado sufriron rotación de coordinadoras, tal e como se promove que se faga dende a organización para motivar o voluntariado a incrementar o seu compromiso. Concretamente o grupo de Santiago de Compostela que estaba coordinado por Tatiana Conde pasa a ser coordinado por Iria López e o grupo de Coruña coordinado ata estes intres por Manuela Vázquez retómao Naiara González. Aínda así, non se traballou convenientemente a reorganización dos recursos humanos e é por iso que se elaborou un plan de xestión da organización interna. Neste sistema de xestión lévase traballando dende o 2011 da man da consultora Estratega e grazas ao proxecto de fortalecemento que incidía neste aspecto e para o cal se lle pediu unha subvención á Xunta de Galicia.

Tamén neste 2012, e estando aprobada pola Asemblea Xeral de Socias/os, Implicadas tramita a solicitude de Utilidade Pública. Tómase esta decisión para que a organización poida beneficiarse de certas vantaxes fiscais así como a posibilidade de acceder a certas subvencións e axudas que sen ser de Utilidade Pública non sería posible.

#### 4. BALANCE DE CONTAS



## CONTAS IMPLICADAS: PERDAS E GANANCIAS 2012

INGRESOS	96.645,63€	GASTOS	101.262,57€
<b>COTAS BASE ASOCIATIVA</b>	<b>27.982,00€</b>	<b>PROXECTOS COOPERACION NA INDIA</b>	<b>32.693,48€</b>
<b>DOAZÓNS</b>	<b>25.941,03€</b>	* Proxecto de cooperación 2012 "Modulo para a participación política das mulleres Tiruchy"	3.365,48€
* <i>Crowdfunding</i>	1.145,07€	* Proxecto de cooperación 2012 "A erradicación do infanticidio en Salem"	23.800,00€
* Individuais / entidades / empresas	24.795,96€	* Proxecto "Empoderamento mulleres en Tiruchy"	5.528,00€
<b>VENDA MATERIAL</b>	<b>4.845,48€</b>	<b>PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO</b>	<b>29.575,99€</b>
* Libros (venta propia)	294,00€	* Proxecto Educación para o Desenvolvemento 2011 CAMBIA DE PAPEL	17.201,86€
* Edicións Xerais	1.410,94€	* Proxecto Educación para o Desenvolvemento 2011 ESCOLA FEMINISTA	1.005,00€
* Material papelería / camisetas	2.420,54€	* Proxecto Educación para o Desenvolvemento 2012: "A crise como cambio"	11.369,13€
* AXENDA DO DESENVOLVEMENTO	720,00€	<b>PROXECTO DE FORTALECEMENTO</b>	<b>18.227,10€</b>
<b>ACTIVIDADES SENSIBILIZACION</b>	<b>7.833,25€</b>	* Acción de fortalecemento económico e organizativo para unha efectividade sustentable	18.227,10€
* IMPLÍCATE	4.613,25€	<b>ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACION</b>	<b>7.813,79€</b>
* VANAKAM	1.700,00€	* IMPLÍCATE	1.524,27€
* Cursos varios	230,00€	* VANAKAM	1.500,00€
* CARREIRA SOLIDARIA	289,00€	* MEUBOOK	370,50€
* Sorteos e Cestas Solidarias	1.001,00€	* Axenda / Camisetas	233,64€
<b>FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA</b>	<b>23.312,91€</b>	* Gastos grupos voluntariado	4.185,38€
* Proxecto Fortalecemento 2011	-937,09€	<b>GASTOS DE OFICINA</b>	<b>12.552,21€</b>
* Proxecto Educación para o Desenvolvemento 2011: CAMBIA DE PAPEL	0,00€	* Aluger	3.884,00€
* Proxecto Educación para o Desenvolvemento 2012: "A crise como cambio"	24.250,00€	* Suministros	1.218,34€
<b>FINANCIACIÓN FONDO GALEGO DE COOPERACION</b>	<b>6.730,96€</b>	* Lixo	713,89€
* Proxecto de cooperación 2012: "Modulo para a participación política das mulleres, Tiruchy"	6.730,96€	* Servizos Técnicos	290,81€
<b>FINANCIACIÓN LOCAL</b>	<b>0,00€</b>	* Comunicación	938,33€
* Concello de Vigo	0,00€	* Imprenta	527,65€
* Concello de Lugo	0,00€	* Primas de seguros	253,34€
* Concello de Santiago	0,00€	* LOPD	420,00€
		* Gastos persoal	2.462,52€
		* Sanción	268,75€
		* Comisións bancarias	1.574,58€

O balance económico amosa unha tendencia moi satisfactoria cara á estabilidade económica da organización. O resultado deste traballo vese claramente no feito de que **do total de ingresos de 96.645,63 €, o 69% (66.601,76) son fondos propios.**

Cómpre aclarar en canto ao balance que o maior número de gastos con respecto aos ingresos só se debe á ficción contable á que obriga a lexislación con respecto ás subvencións concedidas ás organizacións. Calquera subvención debe ser computada na súa totalidade no ano en que se concede, aínda que se fagan pagamentos e gastos en anos subseguintes. Así, Implicadas aínda executou en 2012 subvencións concedidas en 2011 que só poden aparecer como gastos, mesmo se as entidades realizaron os pagamentos reais no ano 2012. Isto quere dicir que os ingresos reais foron maiores cós gastos pero por esta cuestión non poden aparecer manifestados no balance contable.

## 5. CONCLUSIÓN

Nesta memoria recóllese o traballo realizado por Implicadas no Desenvolvemento no ano 2012. Tódalas actividades realizadas foron froito do traballo desinteresado das voluntarias e voluntarios que día a día fan posible que os principios que moven a Implicadas cheguen tanto aos países do sur coma á sociedade galega.

Somos unha das poucas organizacións que traballa realmente cun ENFOQUE DE XÉNERO, polo que o noso traballo resulta imprescindible para acadarmos un mundo máis xusto e igualitario.

Despois de catorce anos de traballo constante, a organización segue medrando e mantén o firme propósito de continuar co seu traballo tanto en Galicia coma nos países en vías de desenvolvemento.

Dende Implicadas queremos agradecer o traballo do voluntariado, anónimo e escaso de recoñecemento social, que fai posible un mundo mellor e representa a alternativa da sociedade civil diante dos valores establecidos. Así mesmo queremos agradecerlles ás nosas socias e socios, que fan posible os nosos proxectos coas súas achegas económicas. Mención especial merecen tamén as nosas colaboradoras e colaboradores, persoas de distintos ámbitos da cultura e da sociedade galega, que supoñen para Implicadas un incondicional e desinteresado apoio e sen as que algunhas das actividades non serían posibles. A nosa gratitude, por fin, á cidadanía galega por acompañarnos neste proxecto de facer cooperación dende Galicia e como galegas.